

Carta aos pais

Estimados pais,

Benvidos a *My Home Booklet*! Logo de completar cada unidade de **Kid's Box 1** no colexio, o voso fillo levará *My Home Booklet* a casa para ensinarvos o que estivo aprendendo.

Non fai falla que teñades un nivel alto de inglés para o axudar. O importante é que vos interesedes polo que fixo e apoiades cando sexa necesario. Facer isto beneficiará a súa aprendizaxe.

Cada unha das 12 unidades de *My Home Booklet* contén as seguintes actividades:

Coa **Actividade 1** practícase o vocabulario principal da unidade e coa **Actividade 2**, a gramática. É importante asegurarse de que o neno entenda o que ten que facer e animalo a que traballe de forma autónoma. A medida que vaia rematando as actividades, pedídlle que vos lea as respostas e sinal os debuxos cando sexa necesario. Se vos decatades dalgún erro, non llo sinalades inmediatamente, ao ler as respostas en voz alta darase conta do mesmo. Tamén poderdes facerlle algunhas preguntas relacionadas en inglés ou animalo a que fale de si mesmo, cando sexa oportuno.

Na **Actividade 3** vólvese a traballar co cómic ou coa canción da unidade. Pódeselle pedir que ordene as imaxes do cómic e que despois o conte coas súas propias palabras, ou ben que complete a canción co vocabulario que falta e que a cante despois. Poderdes escoitar todas as cancións e ver todos os cómics aquí: www.kidsboxapps.es e ou no CD-Rom do Activity Book do curso.

A **Actividade 4** é unha actividade de Autoavaliación. Observade as imaxes co voso fillo ou filla e lede as frases da sección "I can ..." da parte inferior da páxina. Pedídlle que vos diga se as afirmacións son verdadeiras no seu caso e que coloree as cariñas riseiras cando o sexan. Asegurádevos de facerlle comentarios positivos neste momento, pois é importante para que os nenos valoren o seu progreso.



Nota: Os números que aparecen entre parénteses en *My progress* na parte inferior da páxina indican as Competencias Básicas traballadas, como establece o Consello de Europa e o currículo de Educación Primaria.

- 1 Comunicación lingüística
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3 Competencia dixital
- 4 Aprender a aprender
- 5 Competencias sociais e cívicas
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- 7 Conciencia e expresións culturais

A **Actividade 5** dálle ao teu fillo ou filla a oportunidade de personalizar parte da lingua que aprendeu. O que ten que facer é debuxar algo relacionado coa súa vida e, a partir do segundo trimestre, tamén escribir acerca diso.

Para rematar, ao final de *My Home Booklet* dispón dun Picture dictionary, un dicionario en imaxes para repasar todo o vocabulario do curso.

Esperamos que vos divirtades traballando xuntos con *My Home Booklet 1!*

O profesor / A profesora de inglés do voso fillo.

